

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 31 de marzo de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(276).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(277).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O SERVIZO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA, MANTEMENTO, E REPOSICIÓN DE COLECTORES E PAPELEIRAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 6516/252.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 31/03/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Fomento, o concelleiro delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

- A unión temporal de empresas Contenur (60%) e Otto Industrial (40%), foi adxudicataria do concurso para a concesión administrativa do Servizo de instalación, limpeza e mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo por acordo plenario de 29 de xullo do 2002.

- En data 30 de setembro do ano 2002 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro dese mesmo ano 2002 e rematando o día 31 de marzo do ano 2017 conforme ao disposto na cláusula 5ª do contrato. O PCAP rector do contrato fora aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27 de maio de 2002.
- O contrato foi adxudicado por un prezo anual de 1.911.662,03 €, desglosado de acordo o seguinte cadro:

Coste total persoal	637.849,71 €
Amortización vehículos	141.613,48 €
Amortización (resto)	296.342,68 €
Total explotación do servizo	431.519,36 €
Importe da execución material	1.507.325,22 €
16% gastos xerais e beneficio industrial	241.172,04 €
Custe financiación (vehículos + resto)	38.102,76 €
Importe da execución por contrato	1.786.600,02 €
7% de IVE	125.062,00 €
Total orzamento anual	1.911.662,03 €

- En data 7 de febreiro do 2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato e a primeira revisión extraordinaria por un importe de 137.010,75 €/ano.
- En data 29 de agosto do ano 2005 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a 2ª revisión ordinaria do prezo do contrato. En data 13 de marzo do 2006 a 3ª, en data 29 de decembro do 2006 a 4ª, e en data 27 de decembro do 2007 a 5ª revisión ordinaria.
- En data 14 de abril do 2008 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a 2ª revisión extraordinaria do prezo do contrato por un importe de 150.223,15 €/ano.
- En data 15 de decembro do 2008 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a 6ª revisión ordinaria do prezo do contrato.
- Posteriormente, en data 1 de xuño do 2009, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cesión da participación da empresa Otto Industrial a favor de Contenur, polo que esta última é neste momento a adxudicatara única.
- En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 30 de decembro do 2010 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a 3ª revisión extraordinaria do prezo do contrato por un importe de 129.926,29 €/ano. No mesmo acordo aprobouse a 7ª e a 8ª revisións ordinarias do prezo do contrato.
- En data 28 de decembro do 2011 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a 9ª revisión ordinaria do prezo do contrato, en data 26 de abril do 2013 a 10ª, e en data 31 de outubro do 2014 a 11ª.

- En data 14 de novembro do 2014 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a 12ª revisión ordinaria do prezo do contrato, en data 8 de xaneiro do 2016 a 13ª e en data 16 de decembro do 2016 a 14ª que é a derradeira ata este intre.
- En data 9/11/2015, o Concelleiro-Delegado de limpeza RESOLVEU do mesmo xeito que para o contrato de prestación do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e praias, que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio da nova concesión administrativa do Servizo de instalación, limpeza e mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamento expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.
- En relación ao prazo do contrato cómpre informar que tal e como se reflicte na parte expositiva do acordo plenario de 27 de maio de 2002, no que se aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas do contrato de referencia para a instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, o Concelleiro de Facenda, mediante a oportuna orde do servizo dispuxo a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, aprobado polo mesmo órgano en sesión de 31 de agosto de 2001, entre outros extremos, no que se refire á finalización do prazo do contrato, que habería de igualarse á data prevista para a finalización do contrato asinado con Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. para a recollida de residuos sólidos urbanos.

«1.- A finalización do prazo contractual —dise na dita parte expositiva— igualarase á data prevista para a finalización do contrato asinado con Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., para recollida de residuos sólidos urbanos».

Na cláusula 5 deste último contrato para recollida de residuos sólidos urbanos, asinado con Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. establécese que:

«O prazo do contrato será de 16 anos, contando dende o día 1 de abril de 2001, de acordo co disposto na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu a contratación».

Esta mesma cláusula IX, do PCAP do contrato de recollida de residuos sólidos e limpeza viaria e de praias, recolle no seu punto 2) que:

«No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenará a devengarse o primeiro día no que a prórroga este en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións».

A modificación do PCAP do contrato para a instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, canto ao prazo do contrato, proposta ao Pleno do Concello, tiña por obxecto a unificación das datas dos citados contratos, xa que os mesmos teñen prestacións transversais, as cales en función da evolución técnica das mesmas, poden atopar a necesidade de ser vinculadas de forma conxunta nun único xestor, co obxecto de optimizar a súa funcionalidade tanto dende o punto de vista dos rendementos de xestión, como dende a óptica económica do contrato.

Esta proposta do Concelleiro de Facenda de modificación do prazo do contrato de contenurización, axunstandoa ao prazo de duración do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos, arriba referida, foi aprobada polo Pleno do Concello de Vigo, na citada sesión de 27 de maio de 2002; non obstante, a hora de reflectir no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato o acordo adoitado en relación á duración do mesmo, fíxose constar unicamente na cláusula VII —Prazo do contrato— que «O contrato comezará o día 1 do mes seguinte a aquel en que se asine o contrato e rematará o día 31-03-2017» —data na que remata o de recollida de residuos sólidos urbanos—, sen facer referencia á eventual prórroga do contrato por un ano máis soamente no caso de que a contratación do novo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, non estivese rematada ao seu vencemento.

- Sendo vai xa dito, con data 9 de novembro de 2015, o Concelleiro-Delegado de Limpeza dispuxo «que por parte do Servizo Municipal de Limpeza, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio do contrato de prestación do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e limpeza de praias do Concello de Vigo, que vence con data 31 de marzo do ano 2017» e que «Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente, ou expedientes, de contratación segundo o caso».
- Este proceso de estudo e análise iniciouse no ano 2015, sen que a esta data teña rematado habida conta da complexidade técnica que entraña, tanto dende un punto de vista técnico como o deseño do proxecto de xestión unificada que se pretende destes contratos co de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, que contemple a súa adecuación ás esixencias técnicas das novas disposicións regulamentarias que entraron en vigor durante a vida do actual contrato, e da integración das novidades tecnolóxicas aplicables, debese indicar que non foi posible concluír polo Servizo Xestor unha proposta do “proxecto de xestión” destes servizos, axeitada ás actuais necesidades da cidade de Vigo.
- O feito de non atoparse rematada a contratación do novo servizo determina a posibilidade de prórroga do contrato de concesión do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e limpeza de praias do Concello de Vigo, que remata o 31 de marzo de 2017, a cuxo fin o Servizo de Limpeza elaborou proposta de prórroga do contrato de recollida de residuos, limpeza viaria e limpeza de praias, así como do contrato de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por entender que este último ten que seguir, canto a súa duración, ao de recollida de residuos, conforme ao disposto no devandito acordo plenario de 27 de maio de 2002. Non obstante, se ben o Pleno da Corporación acordou a unificación das datas de remate dos dous contratos de limpeza no acto de aprobación do PCAP do contrato para a instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, este non incluiu expresamente a prórroga exclusivamente por un ano máis para rematar o proceso de licitación dos novos contratos de limpeza e contenurización, que si se prevé no de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias.
- Así as cousas, cómpre determinar, á vista do acordo plenario de aprobación do PCAP e do conxunto da documentación do expediente de contratación, se tal posibilidade de prórroga cabe ou non para o contrato de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, non obstante a non mención desta previsión na cláusula VII do PCAP do contrato.

Nesta labor de interpretación do contrato cómpre chamar a atención sobre os erros cometidos tamén nos anuncios de licitación do mesmo, tanto no BOP de Pontevedra como no DOG, ámbolos dous de data 20 de junio de 2002, nos que se fai constar como data de remate do contrato o 31 de decembro de 2017 e non o 31 de marzo de 2017,

esto é nove meses despois da sinalada no PCAP e da prevista para o contrato de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias.

E compre recordar, igualmente, que ao procedemento de licitación concurriu un único licitador: a UTE que resultou adxudicataria, segundo figura na certificación expedida polo Secretario Xeral do Concello, o 5 de xullo de 2002.

Á vista dos antecedentes expostos cabe entender que o propósito do Pleno do Concello era que o contrato de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras rematara ao mesmo tempo que o de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias e, no seu caso, trala eventual prórroga que puidera ter este último contrato, por entender de interese para a Administración municipal que o procedemento ou procedementos de licitación dos novos contratos de recollida de residuos, limpeza viaria e de praias e o de suministro e mantemento de contenedores, así como, segundo veremos máis adiante, o de contenerización, recollida e transporte de materiais reciclables, se desenvolveran á vez, conxunta ou paralelamente.

O artigo 1281 do Código Civil, dispón que se os termos dun contrato son claros e non deixan dúbidas sobre a intención dos contratantes estarase ao sentido literal das súas cláusulas e que se as palabras pareceran contrarias a intención evidente dos contratantes, prevalecerá esta sobre aquelas.

A pesares de que a cláusula VII do PCAP do contrato é clara no seu tenor literal, que no prevé a prórroga que nos ocupa, si deixa dúbidas sobre a intención municipal respecto do prazo e eventuais prórrogas do contrato, pois esta, segundo acabamos de dicir, era —entendemos— a de que o contrato de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras rematara ao mesmo tempo que o de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias e, para o caso que este fora prorrogado por un so ano máis, por mor da falta de contratación do novo servizo na data do prazo inicial do contrato, que o de instalación, limpeza e mantemento de contenedores tivera idéntica prórroga para o mesmo suposto.

E así o entendeu, tamén, o servizo de limpeza que inicialmente elaborou a proposta de prórroga deste contrato sobre a base de que o mesmo a prevé, senón na cláusula VII do PCAP, si na proposta do Concelleiro de Facenda que o Pleno do Concello aprobou o 27 de maio de 2002 ao aprobar o novo PCAP do contrato. E así o entendeu, tamén, a propia adxudicataria nas conversas mantidas coa Xefatura do Servizo.

Entendemos, daquela, que na interpretación que nos ocupa debe prevalecer a intención da corporación municipal sobre a literalidade da cláusula VII do PCAP, porque na necesidade de conciliar a proposta do Concelleiro de Facenda, aprobada plenariamente, o contido da cláusula VII do PCAP e as datas de remate do contrato consignadas nos anuncios de licitación publicados no BOP de Pontevedra e no DOG —o 31 de decembro de 2017— tal interpretación parécenos a máis adecuada para que o contrato acade o seu máis perfecto cumprimento.

Abonda nesta interpretación o feito de que o terceiro contrato de limpeza que resta por considerar, o de contenerización, recollida e transporte de materiais reciclables, incorpora o mesmo prazo de finalización do contrato que o de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e de praias e a mesma posibilidade de prórroga.

Así dispón a cláusula IX do PCAP deste contrato que:

«1.- O contrato comenizará o día un do mes seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo e rematará o día 31.03.2017.

2.- O prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga prevista se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenizará a devengarse o primeiro día no que a prórroga este en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións».

Convén, en fin, precisar, tamén, aquí que tal interpretación creemos que non contradí o principio de libre concorrência e transparencia que rexe a contratación pública, por canto nos anuncios de licitación do contrato consignouse como data de remate do contrato o 31 de decembro de 2017, casi un ano máis tarde da sinalada no PCAP do contrato e da prevista para o contrato de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias; porque o acordo plenario, que incorporaba a proposta do Concelleiro de Facenda de unificación de datas de remate dos contratos de limpeza e o PCAP do contrato se lle facilitaba aos licitadores que solicitaran a documentación contractual para realizar as súas ofertas; e, en fin, porque ao contrato concorriu unicamente a a UTE que resultou adxudicataria; razóns estas polas que non apreizamos vulneración dos devanditos principios.

- Doutra parte, esta interpretación é conforme co principio de continuidade e regularidade na prestación do servizo público, de aplicación ao contrato de concesión de servizo público que nos ocupa; principio ao que responden os artigos 161 TRLCAP, 128.1.1ª RSCL e que se recolle na cláusula IX do PCAP do contrato que interpretamos; principio de continuidade e regularidade na prestación do servizo público que impón ao concesionario a obriga de continuar prestando o servizo público para preservar o interese xeral; continuidade e regularidade na prestación do servizo que se vería interrompida de non estimarse a posibilidade da prórroga dun ano como máximo para adxudicación do novo contrato.

A este respecto ha de recordarse que la xurisprudencia ten declarado a prevalencia do interese público no mantemento del servizo público sobre a doutrina da inalterabilidade do contrato.

Así, a Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 2 de outubro de 2000, con cita doutras anteriores, sinala que:

«a) La concesión se rige por el principio fundamental de mantener la continuidad en la prestación del servicio público» e «b) El interés público en dicha continuidad prevalece sobre la doctrina clásica de la inalterabilidad del contrato»

No mesmo sentido, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza de 31 de outubro de 2003, recorda que:

«la concesión ha de estar dominada por un criterio fundamental: mantener la continuidad de la prestación del servicio público, (...), En definitiva, el interés público de la continuidad del servicio prevalece sobre la doctrina clásica de la inalterabilidad del contrato».

En relación con esta cuestión, a Comisión Nacional da Competencia publicou no ano 2011 unha Guía sobre Contratación Pública e Competencia, na que tras indicar que deben evitarse as prórrogas sobrevidas do prazo contractual (por exemplo, en contratos de xestión de servizos públicos) como contrapartida pola introdución de modificacións

substanciais do contrato, a menos que exista unha razón de imperiosa necesidade, como por exemplo un risco inminente de cesación do servizo.

Igualmente, o Consello Consultivo de Aragón, no seu ditame 98/2010, de 29 de setembro, aludiu á posible continuación da prestación do servizo unha vez extinguido o contrato, se ben destaca o seu carácter excepcional e a necesidade de que exista unha imperiosa razón de orden público como é a continuidade na prestación do servizo público.

Finalmente o artigo 127.1.1º RSCL, dispón que:

«los Ayuntamientos ostentarán la potestad de ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconsejare el interés público, y, entre otras:

- a) la variación en la calidad, cantidad, tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista; y
- b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del concesionario».

Artigo do que parece resultar, tamén, que a prórroga da duración do contrato co obxecto de evitar una interrupción do servizo público tería cabida dentro desta potestade de modificar o servizo, sempre que non se sobrepase o límite máximo de duración dos contratos previsto legalmente —tal e como indicou o Tribunal Superior de Xusticia de Canarias, na súa sentenza de 1 de marzo de 1999 (LA LEY 100245/2013)— e se proceda con carácter inmediato á realización das actuacións conducentes a nova contratación da xestión do servizo público cuxa prestación non debe ser interrompida.

- No presente caso, de non estimarse a posibilidade de prórroga do contrato para o caso de que se prorrogara o de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias, produciríase a interrupción do servizo, habida conta da imposibilidade municipal de prestalo, durante o tempo que falta para a adxudicación do novo contrato, polo que en tal caso procedería dispoñer a continuación da prestación deste servizo esencial para a cidade polo tempo que falte para a adxudicación e inicio do novo contrato e o pago á prestadora, en contraprestación, das cantidades procedentes, no ben entendido que de non producirse a adxudicación do novo contrato nun tempo razoable desde o acordo de continuación do servizo, tal demora podería ser interpretada como desviación de poder no acordo de continuación do servizo.
- Ao respecto da consecuencias da interrupción do servizo que o Concello de Vigo non dispón de medios persoais nin materiais para a prestación do servizo de instalación, limpeza e mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal, polo que a non continuidade no servizo da empresa concesionaria provocaría a non prestación deste coas consecuencias que de seguido se expoñen.

A actual concesionaria CONTENUR presta entre outros os servizos esenciais seguintes: 1. baleirado de papeleiras; 2. lavado e desinfección de colectores e papeleiras; e 3. mantemento de colectores e papeleiras.

Estes servizos son esenciais para as tarefas de recollida e xestión dos residuos da cidade e complementáanse cos prestados pola empresa concesionaria de recollida de residuos.

Os colectores para a recollida de residuos son os recipientes nos que os cidadáns depositan o lixo, de xeito que se non funcionan correctamente debido á falla de mantemento, os cidadáns terán dificultades para utilizalos ou directamente non poderán facelo, polo que veranse obrigados a depositar o lixo no chan co conseguinte perigo

sanitario e de seguridade vial por ocupacións de espazo público con residuos que elo supón.

Por outra banda, o feito de non lavar e desinfectar os colectores suporía o enlaxamento destes coa mala imaxe que isto supón. Pero, sobre todo e dado que os contenedores recollen lixo de moi diversos tipos, daría lugar a un problema de saúde pública, pois a suciedade maioritaria sería de tipo orgánico co que se producirían co tempo procesos metabólicos de descomposición e aprobeccemento, que provocaban un ambiente cheirento e a presenza de mosquitos e outros animais, vectores de transmisión de enfermidades.

A falta de baleirado de papeleiras suporía o incremento da cantidade de residuos depositada nas papeleiras, ata acadar o seu nivel máximo, e inmediatamente a seguir produciríanse os desbordamentos co conseguinte perigo real que supón.

Finalmente de non repararse os colectores avariados e non substituírse os estragados, a veciñanza veríase obrigada a depositar directamente sobre a beirarrúa ou a calzada os residuos dando lugar como problemas máis importantes os que seguen: presenza de aristas e fios cortantes e punzantes por elementos metálicos, vidro, etc., co perigo de lesión para os viandantes; ocupación das beirarrúas e beiravías por bolsas de lixo, impedindo a libre circulación de peóns por elas e a invasión das calzadas de rodadura por estes residuos co perigo para a seguridade vial; riscos sanitarios diversos polos procesos de putrefacción dos residuos orgánicos e a presenza de animais que son vectores de transmisión de enfermidades; proliferación de vectores de transmisión de enfermidades aos seres humanos; ocupacións de carrís de circulación de vehículos e zonas de rodadura do viario co conseguinte perigo para o tráfico; perigo de atrapamento por caída de obxectos pesados sobre peóns por derrumbe dos montóns de residuos mal estibados.

Ademais das consecuencias apuntadas que se derivarían da interrupción do servizo, a falta de prestación deste polo Concello implicaría dada a súa estreita relación e interdependencia mutua co servizo de recollida de residuos e limpeza viaria, sequera fose por imposibilidade material, o incumprimento das obriga de prestación do servizos mínimos de recollida e limpeza viaria que lle impón ás Administracións locais o artigo 26 LRBRL, así como incumprimento da lexislación sectorial en materia de residuos.

- De aprobarse a interpretación de que si cabe a posibilidade de prórroga e se autorizase esta, caso de que se prorrogase o de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias, o prezo anual do contrato reducirase na cantidade que corresponda coa cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), dado que estes estarán completamente amortizados na data de inicio do período de prórroga, deducindo tamén o correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario establécese un 16% de Gastos Xerais e Beneficio Industrial (GG+BI), pero aplicados unicamente ao concepto da Amortización e non ao do Financiamento desta. Polo tanto resultan os seguintes cálculos:

Datos da oferta:

Amortización vehículos	141.613,48
Resto de Amortizacións	296.342,68
Total das amortizacións (sen iva):	437.956,16
GG +BI (16%) do Total das amortizacións	70.072,99
Coste do Financiamento das amortizacións	38.102,76



Desconto anual sen IVE	546.131,91

Na oferta do adxudicatario establécese un 16% de Gastos Xerais e Beneficio Industrial (GG+BI), pero aplicados unicamente ao concepto da Amortización e non ao do Financiamento desta. Polo tanto resultan os seguintes cálculos: Estes importes son determinados da oferta do adxudicatario, polo tanto referidos á orixe do contrato no ano 2002. Dado que dende o inicio do contrato o día 1 de outubro do ano 2002 ata o mes de setembro do ano 2016 tramitáronse 14 revisións ordinarias do prezo do contrato, e que estas revisións resultan exclusivamente da aplicación do Índice de Prezos ao Consumo do período de revisión, o importe calculado para o desconto anual debe ser actualizado conforme ao IPC interanual entre ambos meses.

O IPC entre os meses de setembro do 2002 e setembro do ano 2016 resultou do 30,6% conforme á información obtida do Instituto nacional de Estatística, polo tanto o desconto a efectuar no cánon actual do contrato será de:  $546.131,91 \cdot 1,306 = 713.248,27\text{€}$ , que incrementado co correspondente iva do 10% resulta en 784.573,10€/ano.

Prezo anual do contrato aprobado por acordo da XGL de data 16/12/2016 con iva do 10% engadido	3.023.429,065 €
Total a descontar anual:	784.573,10

Total canon anual (iva 10% engadido):

**2.238.855,96€**

Consonte co razoamento anterior, o importe a consignar para a anualidade da prórroga é:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)  $2.238.855,96 \cdot 9/12 = 1.679.141,97\text{€}$

Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)  $2.238.855,96 \cdot 3/12 = 559.713,99\text{€}$

Deberá incorporarse ao expediente a conformidade manifestada pola contratista a presente proposta de resolución

De acordo co artigo 59 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xullo, de aplicación ao caso en virtude disposición transitoria primeira, parágrafo 2, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e do seu Texto Refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ao terse adxudicado e formalizado o contrato baixo a vixencia da primeira norma, os acordos de interpretación dos contratos administrativos requirirán previo informe do servizo xurídico correspondente, que no caso do Concello de Vigo, como municipio de grande poboación, é a Asesría Xurídica, de acordo coa disposición adicional 2.8 do TRLCSP.

Á vista dos anteriores antecedentes e consideracións de feito e de dereito, e para o caso de que a Xunta de Goberno Local aprobe a prórroga do contrato de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria e de praias por non atoparse rematada a contratación do novo servizo, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

1.- Interpretar que o contrato de concesión administrativa do servizo de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, adxudicado a Contenur España, S.L., no que a súa duración se refire, poderá ser prorrogado nos mesmos termos nos que o poderá ser o contrato de recollida de residuos e limpeza viaria e de praias, asinado con Fomento de Construcións e Contratas, S.A. Daquela:

«O prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenará a devengarse o primeiro día no que a prórroga ente en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións».

2.- Autorizada a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, do Contrato concesión administrativa do Servizo de instalación, limpeza e mantemento e reposición de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo, adxudicado á mercantil Contenur e que remata o día 31 de marzo do 2017.

3.- A prórroga queda rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación do procedemento de contratación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza, e en todo caso o día 31 de marzo do ano 2018.

4.- Consonte cos antecedentes desta proposta, o importe anual da prórroga será como máximo de 2.238.855,96€, repartidos nas seguintes anualidades:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)	1.679.141,97€
Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)	559.713,99€

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(278).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 6513/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/03/17, dáse conta do informe-proposta de 30/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Fomento, o concelleiro

delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## 1.- ANTECEDENTES

- En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. (en diante FCC).
- **Na oferta do adxudicatario, o importe das amortizacións máis o financiamento anual ascendía a 1.466.456,75€, que se segregaban en 1.150.034,00€ para as amortizacións a 8 anos, e 316.422,75€ para as amortizacións a 16 anos.**
- En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, por un prazo de 16 anos, iniciándose a prestación o día 1 de abril do 2001 de acordo co disposto na cláusula IX do PCAP que rexeu a contratación.
- **Consonte coa data de inicio do contrato, o fin do prazo contractual quedou establecido para o día 31 de marzo do ano 2017, podendo prorrogarse únicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do actual contrato, conforme ao recollido na cláusula IX.2) do PCAP.**
- En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron correxidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión:  $K_{2004}=1,2743$ ;  $K_{2005}=1,340$ ; e  $K_{2006}=1,401$ .
- En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos. **Esta nova cuota de amortización máis financiamento resultou en 1.580.685 €/ano, que engadidos aos 316.422,75€ da amortización a 16 anos que non se variou, resulta un total de 1.897.107,75€/ano. En tal sentido todos os medios materiais, instalacións e vehículos, quedarán amortizados o día 31 de marzo do ano 2017.**
- En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado nese momento co coeficiente de revisión  $K_{2006}=1,401$  (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato). Nesta renovación extraordinaria incrementáronse os medios materiais adscritos á concesión por valor de 156.201,63€, o que supuxo un importe anual de Amortización máis Financiamento de 24.412,61€. **Estes medios tamén quedan amortizados na data de remate do contrato 31/03/2017.**
- En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2007}=1,4674$  para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).
- En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día pri-

meiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.

- En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2008}=1,5044$ , e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
- En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.
- En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2009}=1,5435$ , resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano iva 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, iva 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
- En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade **sen custe para o Concello**, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (iva 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
- En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2010}=1,6164$  para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
- En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2011}=1,6889$  para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).
- En data 17/04/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2012}=1,7441$  para o período 1/06/2012 a 31/05/2013, do que resultou un prezo do contrato de 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.427.077,61€ de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.965.273,19€ para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello para o ano 2015.
- En data 16/10/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2013}=1,7640$  para o período 1/06/2013 a 31/05/2014, do que resultou un prezo do contrato de 26.669.401,71€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.515.539,96€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e

18.153.861,74€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello dende o ano 2015.

- En data 9 de novembro do 2015, o **Concelleiro-Delegado de limpeza RESOLVEU que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio do contrato de prestación do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e limpeza de praias do Concello de Vigo que vence con data 31 de marzo do 2017**. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.
- En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2014}=1,7702$  para o período 1/06/2014 a 31/05/2015, do que resultou un prezo do contrato de 26.756.388,68€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.543.314,91€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.213.073,77€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello dende o ano 2015.
- En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2015}=1,7911$  para o período 1/06/2015 a 31/05/2016, do que resultou un prezo do contrato de 27.048.819,60€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.636.688,10€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.412.131,50€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello dende o ano 2015.
- En data 30 de marzo do 2017, a mercantil Fomento de Construcciones y contratatas, S.A, por medio do seu apoderado, comunicou a súa conformidade coas condicións expostas na notificación da xefatura do servizo de limpeza do día anterior, na que se daba traslado do Inorme proposta ao organo de contratación municipal par a prórroga do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e praias do concello de Vigo (Doc 170046317 do rexistro xeral municipal).

## 2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de prórroga do contrato aparece recollida na cláusula IX-2ª do PCAP que rexe o actual contrato e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenizará a devengarse o primeiro día no que a prórroga este en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

### **3.- PARTE EXPOSITIVA:**

Como quedou dito nos antecedentes deste informe o Contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo, adxudicouse á mercantil FOMENTO DE CONTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A., e iniciouse o día 1 de abril do ano 2001. O prazo do contrato é de 16 anos, rematando o día 31 de marzo do 2017.

Estando próxima a finalización do contrato, o Concelleiro-Delegado de Limpeza resolveu en data 9 de novembro do 2015 que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio do contrato de prestación do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e limpeza de praias do Concello de Vigo que vence con data 31 de marzo do 2017. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.

Este proceso de estudo e análise iniciouse no ano 2015 pero debido á complexidade técnica que entraña, e ás novas disposicións regulamentarias que entraron en vigor durante a vida do actual contrato e das novidades tecnolóxicas aplicables, non foi posible concluir polo Servizo Xestor unha proposta de Proxecto de Explotación do servizo axeitada ás actuais necesidades da cidade de vigo.

En tal sentido e dado que a data de remate do contrato é o vindeiro día 31 de marzo do ano 2017, e dado que a cláusula IX-2ª do do prego de condicións administrativas particulares permite unha prórroga de ata un ano de duración, estímase necesario facer uso dela nas condicións que se describen de seguido:

1. O Prezo anual do contrato reducirase na cantidade que corresponda coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), dado que estes estarán completamente amortizados na data de inicio do período de prórroga, deducindo tamén o correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario establécese un 6% de Gastos Xerais (GG), e un 2% de Beneficio Industrial (BI).

Prezo anual do contrato aprobado por acordo da XGL de data 23/02/2017 con ive do 10% engadido	27.048.819,60 €
Prezo sen ive	24.589.836,00€
Importe do A+F a 8 anos	1.580.685,00
Importe do A+F a 16 anos	316.422,75
Importe do A+F da ampliación	24.412,61
Total A+F:	1.921.520,36
GG +BI (6%+2%=8%) do Total A+F	153.721,63
Total a descontar anual:	2.075.241,99
Novo prezo anual sen ive:	22.514.594,01

Total canon anual (ive 10% engadido): **24.766.053,41€**

Dos que 7.907.800,85 corresponden co servizo de recollida de residuos e 16.858.252,56 a limpeza.

2. O prazo de duración da prórroga será tal que esta remate o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento correspondente, e **en todo caso como máximo ata o día 31 de marzo do ano 2018**.

Consonte co razoamento anterior, o importe a consignar para a anualidade da prórroga é:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)  $24.766.053,41 * 9/12 = 18.574.540,06€$   
5.930.850,64 a recollida de residuos e 12.643.689,42 a limpeza viaria  
Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)  $24.766.053,41 * 3/12 = 6.191.513,35€$   
1.976.950,21 a recollida de residuos e 4.214.563,14 a limpeza viaria

A vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

## ACORDO

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, do Contrato de Concesión do Servizo Público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo, do que é actual concesionaria a mercantil Fomento de Construcciónse y Contratas S.A.

2º.- A prórroga queda condicionada a que rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza, e en todo caso o día 31 de marzo do ano 2018.

3º.- Consonte cos antecedentes desta proposta, o importe anual da prórroga será como máximo de 24.766.053,41€ dos que 7.907.800,85 corresponden co servizo de recollida de residuos e 16.858.252,56 a limpeza viaria, repartidos nas seguintes anulidades:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)	24.766.053,41* 9/12=	18.574.540,06€
	5.930.850,64 a recollida de residuos e	12.643.689,42 a limpeza viaria
Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)	24.766.053,41* 3/12=	6.191.513,35€
	1.976.950,21 a recollida de residuos e	4.214.563,14 a limpeza viaria

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(279).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESÍDUOS SÓLIDOS URBÁNS RECICLABLES NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 6514/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/03/17, dáse conta do informe-proposta de 30/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Fomento, o concelleiro delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **1.- ANTECEDENTES**

- En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.T.E., (en diante VIGO-RECICLA).
- **Na oferta do adxudicatario, o importe das amortizacións máis o financiamento anual ascendía a 631.166,40€, que se segregaban en 482.050,03€ para as amortizacións a 8 anos, e 149.116,37€ para as amortizacións a 13,5 anos.**
- En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro do ano 2003 e rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 conforme ao disposto na cláusula 5ª do contrato.
- **O contrato pode prorrogarse únicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do actual, conforme ao recollido na cláusula IX.2) do PCAP.**



- En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.
- En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión  $K_{2006}=1,1718$  para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e  $K_{2007}=1,230$  para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2008}=1,2414$ , e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2009}=1,2724$ , resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano iva 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano iva 8% engadido).
- En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos, e o prazo para a recuperación será o que medie entre a data de recepción da totalidade dos equipos pola Administración e a de remate do contrato. **Esta nova cuota de amortización máis financiamento resultou en 535.427,53 €/ano, que engadidos aos 149.116,37€ da amortización a 13,5 anos que non se variou, resulta un total de 684.543,9€/ano.** En tal sentido **todos os medios materiais e maquinaria, instalacións e vehículos, quedarán amortizados o día 31 de marzo do ano 2017.**
- En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 21/12/2012 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2010}=1,3315$  para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVA 10% engadido).
- En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen iva).

Este novo importe, modifica **o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros**, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.

- En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2011}=1,3904$  para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- En data 9/05/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2012}=1,4278$  para o período 1/10/2012 a 30/09/2013, do que resultou un prezo do contrato de 2.309.077,93 €/ano (IVE 10% engadido).
- En data 9/11/2015, o **Concelleiro-Delegado de limpeza RESOLVEU do mesmo xeito que para o contrato de prestación do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e praias, que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio da nova concesión administrativa do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables no termo municipal de Vigo**. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.
- En data 20/11/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2013}=1,4318$  para o período 1/10/2013 a 30/09/2014, do que resultou un prezo do contrato de 2.372.317,05 €/ano (IVE 10% engadido), incluíndo xa a nova cuota de Amortización máis Financiamento da inversión nos novos vehículos e medios materiais renovados, que foran aprobados por acordo da XGL de 27/04/2012.
- En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2014}=1,4199$  para o período 1/10/2014 a 30/09/2015, do que resultou un prezo do contrato de 2.358.858,54 €/ano (IVE 10% engadido).
- En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2015}=1,4166$  para o período 1/10/2015 a 30/09/2016, do que resultou un prezo do contrato de 2.355.126,35 €/ano (IVE 10% engadido).
- En data 30 de marzo do 2017, a Unión Temporal de Empresas VIGO RECICLA, por medio do seu apoderado, comunicou a súa conformidade coas condicións expostas na notificación da xefatura do servizo de limpeza do día anterior, na que se daba traslado do Informe proposta ao organo de contratación municipal par a prórroga contrato de concesión administrativa do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables no termo municipal de Vigo (Doc 170046327 do rexistro xeral municipal).

## **2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de prórroga do contrato aparece recollida na cláusula IX-2ª do PCAP que rexe o actual contrato e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenará a devengarse o primeiro día no que a prórroga ente en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

## **3.- PARTE EXPOSITIVA:**

Como quedou dito nos antecedentes deste informe o Contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo adxudicado á mercantil VIGO-RECICLA remata o día 31 de marzo do 2017.

Estando próxima a finalización do contrato, o Concelleiro-Delegado de Limpeza resolveu en data 9 de novembro do 2015 que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que sexan necesarios, se proceda a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio do novo contrato. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxen, o Xefe do servizo de limpeza procederá a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.

Este proceso de estudo e análise iniciouse no ano 2015 pero debido á complexidade técnica que entraña, e ás novas disposicións regulamentarias que entraron en vigor durante a vida do actual contrato e das novidades tecnolóxicas aplicables, non foi posible concluir polo Servizo Xestor unha proposta de Proxecto de Explotación do servizo axeitada ás actuais necesidades da cidade de vigo.

En tal sentido e dado que a data de remate do contrato é o vindeiro día 31 de marzo do ano 2017, e dado que a cláusula IX-2ª do prego de condicións administrativas particulares permite unha prórroga de ata un ano de duración, estímase necesario facer uso dela nas condicións que se describen de seguido:

3. O Prezo anual do contrato reducirase na cantidade que corresponda coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), dado que estes estarán completamente amortizados na data de inicio do período de prórroga, deducindo tamén o correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario establécese un 7,5% de Gastos Xerais (GG), e un 5% de Beneficio Industrial (BI).

Prezo anual do contrato aprobado por acordo da XGL de data 23/02/2017 con ive do 10% engadido	2.355.126,35 €
Prezo sen ive	2.141.023,95€
Importe do A+F a 8 anos (sen ive):	535.427,53
Importe do A+F a 13,5 anos (sen ive):	149.116,37
Total A+f	684.543,90
GG +BI (7,5%+5%=12,5%) do Total A+F	85.567,99€
Total a descontar anual:	770.111,89€
Novo prezo anual sen ive:	1.370.912,06

Total canon anual (ive 10% engadido): **1.508.003,27€**

4. O prazo de duración da prórroga será tal que esta remate o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento correspondente, e **en todo caso como máximo ata o día 31 de marzo do ano 2018.**

Consonte co razoamento anterior, o importe a consignar para a anualidade da prórroga é:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)	$1.508.003,27 * 9/12 = 1.131.002,45€$
Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)	$1.508.003,27 * 3/12 = 377.000,82€$

A vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, do Contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo, adxudicado á mercantil VIGO RECICLA U.T.E e que remata o día 31 de marzo do 2017.

2º.- A prórroga queda condicionada a que rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza, e en todo caso o día 31 de marzo do ano 2018.

3º.- Consonte cos antecedentes desta proposta, o importe anual da prórroga será como máximo de 1.508.003,27€, repartidos nas seguintes anualidades:

Ano 2017, 9meses (de abril a decembro)	1.131.002,45€
Ano 2018, 3meses (de xaneiro a marzo)	377.000,82€

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez